



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "VELEIRO DOCAMPO"

Avda. Terra Cha, s/n  
27260 Castro Ribeiras de Lea – LUGO

Tlfo: 982 828125 Fax: 982 828131

ceip.veleiro.docampo@edu.xunta.es

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipveleirodocampo>



## SORTEO PÚBLICO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA ELECTORAL PARA AS ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR

De conformidade co establecido na Resolución do 22 de setembro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 29 de setembro), realizarase proximamente neste centro educativo a renovación do CONSELLO ESCOLAR que é o instrumento de participación de toda a comunidade educativa.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e estará integrada por:

- A persoa que ostenta a dirección do centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito **sorteo**, que será público e no que se designará aos membros titulares e suplentes, celebrarase neste centro educativo o próximo **día 26 de outubro, martes, ás 14:00 horas**.

**Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura** para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do centro. A Xunta Electoral, unha vez constituída, poñerá a disposición das persoas candidatas un **impreso para formalizar a candidatura** que se poderá recoller na conserxería.

Castro Ribeiras de Lea, 22 de outubro de 2021

Juan José Díaz Valiño

Director

